

A AEPMBT organiza xornada sobre a realidade fiscal no ensino da música e o baile tradicionais

- Terá lugar o domingo 6 de febreiro desde as 10h. no local da Asociación Cultural Rosalía de Castro de Cacheiras (Teo).
- Consta de dúas mesas de debate sobre profesionalidade e fiscalidade e arredor das problemáticas e funcións das partes implicadas nas asociacións culturais.
- Oriéntase a entidades, mestres e alumnado das disciplinas ligadas á transmisión da tradición.

A Asociación do Ensino Profesional da Música e Baile Tradicional (AEPMBT) convoca para o domingo 6 de febreiro a xornada **“En A ou en B. As problemáticas no ensino profesional da música e o baile tradicionais”**. O encontro tratará a realidade laboral, fiscal e asociativa no sector.

Desde a asociación preténdese así poñer en común as eivas que se veñen tendo na profesionalización do sector, así como as experiencias positivas e negativas arredor do labor das asociacións culturais, os socios e alumnos e os propios traballadores. En todos eles establecerase un **diálogo aberto cos asistentes para resolución de dúbidas** e achegas ao debate.

A primeira mesa celebrará ás 10.00h despois da presentación das xornadas por parte da presidenta da AEPMBT, Rebeca Tallón e dos participantes e moderadores das mesas por parte de Emilio Lois e Manuel Cruces, membros da directiva. Baixo o epígrafe **“Profesionalidade e fiscalidade”**, tomarán a palabra Serxio Martínez e Alfonso Landeira, asesores fiscais, Javier Blanco, xestor cultural, e Mónica González, con experiencia como concelleira de cultura.

Despois dun breve descanso tocará tratar as **“Problemáticas e funcións de cada unha das partes implicadas nas asociacións culturais”**. Nesta mesa participarán Iván García, animador sociocultural en entidade municipal, Montse Rivera, mestra en distintas asociacións, José Antonio Vieites, como alumno, e Xosé Covelo, como presidente de asociación cultural.

O evento terá lugar no local da **Asociación Cultural Rosalía de Castro de Cacheiras (Teo)** desde as 10h., dando remate ás 13.30h. A **asistencia será libre ata completar aforo**, aínda que debido á situación sanitaria requírese inscrición previa para asegurar o cumprimento das restricións vixentes no momento da celebración. Para confirmar a presenza deberá enviarse confirmación ao correo electrónico da asociación, asoc.prof.trad@gmail.com.



Tel.: 659411884 (David)

Correo-e: asoc.prof.trad@gmail.com

Web: www.asen-trad.com